

Acta da reunión de Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis celebrada o 31 de marzo de 2022 ás 20:30 horas por videoconferencia mediante a aplicación teams, á que asisten os seguinte membros:

Presidente: José Mosquera Casero
 Actúa como Secretario: Gabriel Fernández Mourelle, que ademais está en representación da Escola de Tenis Marineda
 Tesorera: Antía García Fernández
 D. Manuel Regueira Regueira-CT Ponteareas
 D^a Tere Castro Jorreto-CT Nigrán
 D. José M. Fariñas Cid-Árbitros
 Asistente a presidente:
 Marco A Casal Costas
 Asistente a secretario:
 M^a Jesús Fernández García

Acta de sesión:
 É aberta polo presidente, que saúda e agradece a asistencia a todos os existentes.
 Os participantes recibiron previamente os informes dos distintos puntos da Orde do Día, que foron os seguintes:
 1. **Aprobación da acta da reunión anterior:**
 A acta é aprobada por unanimidade polos membros participantes nesta reunión.
 2. **Aprobación das CCAA da Federación Galega de Tenis do 2021.**
 Se presentan as contas do 2021, que foron aprobadas pola Xunta Directiva desta Federación. Despois da explicación foron aprobadas tamén por unanimidade por esta Comisión Delegada.
 Toma a palabra D. José Mosquera que fai referencia aos documentos enviados con anterioridade aos membros desta Comisión Delegada

Analízase o Balance de Situación e Perdas e Ganancia. O balance é positivo en 9679,33€ (nove mil seiscientos setenta e nove con trinta e tres euros). O peche positivo é obrigado pola Secretaria Xeral para O Deporte como parte do Plan de Viabilidade esixido.

Este é o cadro de ingresos

FEDERACION GALEGA DE TENIS	ORZAMENTO 2021	SITUACION O 31/10/2021	PECHA 2021	ORZAMENTO 2022
CUOTAS	211.000,00 €	246.891,35 €	256.008,55 €	232.653,00 €
Cuotas de Afiliación	- €	150,00 €	150,00 €	- €
Licenzas	148.000,00 €	174.216,00 €	181.182,00 €	165.000,00 €
Equipos	46.500,00 €	51.153,00 €	51.859,00 €	51.153,00 €
Cadros	10.000,00 €	9.347,35 €	10.352,00 €	10.000,00 €
Cursos	6.500,00 €	12.025,00 €	12.465,55 €	6.500,00 €
Prestación de Servicios	173.925,00 €	151.186,91 €	179.395,00 €	188.925,00 €
Escola de Samil	148.285,00 €	133.807,72 €	152.660,84 €	162.285,00 €
Universidade de Vigo	- €	- €	- €	- €
IMD	8.640,00 €	- €	- €	8.640,00 €
Ingresos Torneos FGT	17.000,00 €	17.379,19 €	26.734,16 €	18.000,00 €
SUBVENCÍONS	117.054,00 €	155.220,68 €	180.722,78 €	192.112,00 €
Subvencións	117.054,00 €	155.220,68 €	180.722,78 €	192.112,00 €
OUTROS INGRESOS	14.200,00 €	9.140,54 €	12.558,62 €	14.500,00 €
Outros patrocinios	6.700,00 €	4.100,00 €	7.365,17 €	9.200,00 €
Ingr Asistenc Competición	7.000,00 €	- €	- €	- €
Circuíto Gadis	500,00 €	- €	- €	500,00 €
Outros Ingresos	- €	5.040,54 €	5.193,45 €	4.800,00 €
TOTAL INGRESOS	516.179,00 €	562.439,48 €	628.684,95 €	628.190,00 €

En canto aos gastos, estos foron os seguintes:

FEDERACION GALEGA DE TENIS	ORZAMENTO 2021	SITUACIÓN A 26/11/2021	PECHE 2021	ORZAMENTO 2022
Gastos Persoal	207.152,07 €	189.982,17 €	217.409,68 €	216.063,32 €
Seguros Sociais	71.202,02 €	64.523,07 €	70.667,34 €	73.701,61 €
TOTAL GASTOS PERSOAL	278.354,09 €	254.505,24 €	288.077,02 €	289.794,93 €
ARBITRAXES CTOS GALEGOS	9.000,00 €	11.965,24 €	9.545,93 €	9.000,00 €
MARKETING E NOVAS TECN	1.500,00 €	1.668,41 €	3.703,97 €	1.000,00 €
SERVIZOS EXTERIORES	59.820,00 €	71.308,42 €	82.895,74 €	60.950,00 €
Xestoría	4.600,00 €	3.992,00 €	4.100,69 €	4.600,00 €
Seguros	32.900,00 €	46.738,61 €	53.369,31 €	38.300,00 €
Suministros, correos e outros	8.150,00 €	10.909,56 €	11.233,98 €	5.650,00 €
Reparacións e conservacións	2.500,00 €	1.398,70 €	1.888,87 €	2.500,00 €
Escola Tenis Samil varios	2.050,00 €	2.801,35 €	4.305,62 €	2.050,00 €
Dirección deportiva	- €	1.185,96 €	1.248,96 €	- €
Servizos bancarios-recibos Samil	3.100,00 €	1.525,24 €	1.758,84 €	3.000,00 €
Outras partidas FGT	5.220,00 €	2.757,00 €	4.989,47 €	4.850,00 €
DOCENCIA	6.500,00 €	586,54 €	2.434,64 €	6.500,00 €
Cursos	5.500,00 €	586,54 €	2.434,64 €	5.500,00 €
Formación continúa	1.000,00 €			1.000,00 €
COMITÉ DE PROMOCIÓN	4.350,00 €	1.759,62 €	5.404,71 €	3.050,00 €
Circuíto comarcal	1.550,00 €	375,10 €	375,10 €	750,00 €
Cursos e accións de promoción	2.800,00 €	1.384,52 €	5.029,61 €	2.300,00 €
PROGRAMA TECNIFICACIÓN FGT	40.000,00 €	14.261,49 €	23.539,34 €	42.000,00 €
Programa Tecnificación				
Autonómica	22.000,00 €	6.261,49 €	12.094,34 €	24.000,00 €
Tecnificación Provincial	10.000,00 €	- €	3.445,00 €	10.000,00 €
Proxecto Tokio 2021/París 2024	8.000,00 €	8.000,00 €	8.000,00 €	8.000,00 €
GASTOS DEPORTIVOS	89.830,00 €	171.862,80 €	190.770,30 €	179.400,00 €
Subvención galegos-masters	5.830,00 €	- €	1.812,87 €	3.900,00 €
Campionatos de España	19.000,00 €	17.792,40 €	20.574,66 €	19.000,00 €
Org Ctos Internacionais	16.000,00 €	1.000,00 €	10.058,65 €	10.000,00 €
Homologación de Licenzas	15.000,00 €	20.608,00 €	21.970,00 €	17.000,00 €
Homologación de cadros	6.000,00 €	7.103,15 €	7.584,85 €	6.000,00 €
WTA	- €	84.306,86 €	79.978,69 €	84.000,00 €
Gastos Torneos FGT	15.000,00 €	18.777,79 €	20.105,98 €	15.000,00 €
Bonificacións e Subvencións	11.000,00 €	21.284,60 €	28.684,60 €	24.500,00 €
GALA DO TENIS	7.000,00 €	- €	- €	7.000,00 €
ÓRGANOS DE GOBERNO	9.000,00 €	2.264,54 €	3.785,49 €	7.000,00 €
PROCESO ELECTORAL	- €	- €	- €	- €
INTERESES DE DEUDA	550,00 €	364,05 €	585,85 €	550,00 €
GASTOS EXTRAORDINARIOS	1.500,00 €	2.178,00 €	2.178,00 €	1.500,00 €
SERVIZOS PROFESIONAIS	300,00 €	- €	- €	500,00 €
GASTOS E PÉRDIDAS EXERCICIOS	- €	- €	96,72 €	- €
AMORTIZACIONES	2.000,00 €	5.891,67 €	5.987,91 €	7.971,67 €
TOTAL	509.704,09 €	538.616,02 €	619.005,62 €	619.186,60 €

O resultado do exercicio queda cos seguintes números:

TOTAL INGRESOS	516.179,00 €	562.439,48 €	628.684,95 €	628.190,00 €
TOTAL GASTOS	509.704,09 €	538.616,02 €	619.005,62 €	619.186,60 €
BALANCE	6.474,91 €	23.823,46 €	9.679,33 €	9.003,40 €

O presidente explica a desviación positiva que se produce tanto nos ingresos e os gastos. Prodúcese pola organización dos torneos internacionais femininos WTA de \$25000, que non se chegaron a orzar no exercicio 2021 porque non estaban asegurados os financiamentos para os mesmos. Unha vez confirmadas as cantidades viables para o seu desenvolvemento tomouse a decisión da súa celebración.

A diferenza en ingresos do exercicio é algo mais de 100000€ que proveñen das subvencións públicas aos torneos internacionais por valor de 60000€, uns 12000€ por patrocinios para estes torneos e un aumento de licenzas nuns 33000€.

3. Proxecto Plan Corresponsables

O presidente cede a palabra ao director deportivo da Federación. Marco A Casal Costas explica o novo proxecto que xorde desde o Ministerio de Igualdade e que desde a Secretaria Xeral para O Deporte apoiaron moi rápido pensando que podería ser unha iniciativa de colaboración moi interesante para propoñer ás federacións deportivas.

O programa iniciárase no mes de maio e finalizará no mes de novembro, parándose en agosto por mes inhabil.

Obxectivos:

- Habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e xóvenes menores de 16 anos que poidan prestarse en dependencias públicas habilitadas ao efecto, a través da realización de actividades de animación socio deportiva.
- Fomentar a creación de emprego de calidade no sector dos coidados.

Outros obxectivos implícitos:

- Promoción da actividade física e hábitos saudables
- Promoción das distintas modalidades deportivas

Perfís profesionais

Técnica/o Superior en Educación Infantil,

Técnica/o Superior en Animación sociocultural e turística, Técnica/o Superior en Ensinanza e animación socio deportiva, Técnica/o Superior en Integración social, Monitoras/es de ocio e tempo libre e Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia. (Pudose solicitar a inclusión doutros perfís, no noso caso técnicos de tenis.)

Acceso ao Programa

A Federación xestionará o acceso ás actividades das nenas, nenos, mozas e mozos priorizando no acceso ás familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Así mesmo, nos procesos de valoración de acceso aos programas e prestacións financiadas por este Plan, terase en conta o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que pretendan participar nos mesmos, tendendo a favorecer a gratuidade e a universalidade das actuacións. O pagamento é do 100% anticipado para levar a cabo o proxecto.

A Federación xa presentou o seu proxecto, que foi moi ben acollido por parte dos colexios implicados no noso plan de tenis na escola e tamén polos clubs, que están encantados de poder participar.

O orzamento total do proxecto presentado rolda os 625000€.

O director deportivo é consciente do difícil que será coordinador todo o traballo, tanto técnico como administrativo e de docencia para que os técnicos traballen de forma unificada na impartición das clases, xa que temos mais de 120 solicitudes de persoas que cumpren o perfil solicitado para acceder ao posto de traballo.

Os membros asistentes a esta reunión de Comisión Delegada consideran que é un plan que beneficiará moito ao tenis galego, e que será unha boa oportunidade para facer chegar ao tenis a moitos colectivos que neste momento non poden acceder a este deporte

4. Informes do Presidente

Toma a palabra o presidente e informa á Xunta Directiva do seguinte:

a) Axuda a clubs. Cámbianse os criterios para recibir as axudas por participación nos campionatos galegos por equipos. De maneira que hai un fixo do 40% por participación sobre o total do ingreso realizado á Federación, ao que se lle inclúe 13€ por equipo rexistrado.

b) Organización de torneos WTA, decídese organizalos, xa que a achega da RFET case se duplica e hai ademais outras institucións que xa declararon a súa implicación con esta organización. Ademais estase en contacto co Club de Campo de Vigo por se quere retomar o Future, que tamén contaría cunha boa axuda por parte da RFET.

c) O sábado 2 de abril reunírase a Asemblea Xeral en sesión ordinaria para aprobar xa as contas do 2021, dado que é ano electoral e debe iniciarse o proceso segundo os regulamentos e calendarios propostos.

A continuación da asemblea ordinaria convocouse reunión extraordinaria para a aprobación do regulamento e calendario electoral e sorteo dos membros da Xunta Electoral. Tamén levará para a súa aprobación que se permita á Xunta Directiva ou Comisión Xestora no seu caso, modificar todos aqueles aspectos que nos obriguen a cambiar do regulamento e calendario desde a Secretaría Xeral.

A Comisión Xestora por designación do presidente recaerá nas persoas de Ignacio López López, como secretario e Antía García Fernández como tesoureira. Como suplentes a estes cargos estarán Javier da Torre Fernández e Paula García Tenorio. En canto os clubs, levarán para a súa aprobación na Asemblea Extraordinaria ao Casino Sporting Coruña e CC Deportivo de Sanxenxo, e como suplentes á RSD Hípica da Coruña e CD D10 respectivamente.

5. Rogos e preguntas

Tere Castro do club de Tenis Nigrán, solicita que desde o comité de competición establézase un maior control sobre as actas pendentes de subir á aplicación, e os partidos pendentes de xogarse, xa que por exemplo no caso do seu Club hai pendentes de subir resultados desde fai mais de 3 semanas.

José M. Fariñas consulta ao presidente en relación ás eleccións se se vai a presentar, ao que responde que se.

Manuel Regueira, do Club de Tenis Pontearreas, consulta se se sabe como se procede na votación a membros de asemblea, cando se pecha o censo definitivo cun presidente e entre tanto o club ten as súas propias eleccións e sae elixido outra persoa. Quen ten o dereito ao voto, o antigo presidente ou o novo.

Farase esta consulta á Secretaría Xeral e comunicárase a resposta a través da páxina web

Non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión, da que se levanta a presente acta co visto e prace do presidente, sendo as 22 horas do día 31 de marzo de 2022.

Visto e Prace
O Presidente

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario